



# SOMOS O QUE LEMOS

Un ciclo de literatura dirixido por Javier Pintor na

FUNDACIÓN



LUIS SEOANE

Venres 4 de outubro, 19:30 horas

PRESENTACIÓN

**Fernando Ontañón**

conversará con

Javier Pintor

ENTRADA LIBRE

Aforo limitado



# Fernando Ontañón

Fernando Ontañón naceu en Santander en 1972, pasou boa parte da súa vida na Coruña e, na actualidade, vive en Madrid. Colaborador habitual en prensa, traballa como redactor freelance e imparte obradoiros de escritura. No 2010 publicou a súa primeira obra, **Relatos invisibles**. En 2014, a súa novela **El periodista despedido** foi galardonada co X Premio de Novela Corta Dulce Chacón e no 2016 publicou **El orden invisible de las cosas**. Con Bala Perdida publicou **Mi vida en otra parte** (2019) e **Emboscados** (2022). **Los sueños heroicos** é a súa nova novela, publicada tamén na mesma editorial.

## Los sueños heroicos (Bala Perdida, 2024)

Waldo e Lana coñécense no Madrid dos primeiros anos noventa. Aos seus trinta e tantos, viven inmersos nas súas carreiras profesionais -él é un descreído creativo publicitario e ela unha investigadora de estudos de mercado-, pero o seu encontro lles dará axiña a idea de cambiar de vida e tratar de recuperar os vellos soños e conviccións que ambos tiveron algunha vez.

Deciden abandonar a cidade e instalarse nun pobo do Priorat para rexentar un pequeno hotel de turismo enolóxico. O cultivo da vide no Priorat é dunha gran complexidade: terreos accidentados, unha terra moi mineral e pouco fértil, un clima duro. Os aldeáns chámano viticultura heroica. Do mesmo xeito, os sonos dos nosos protagonistas deben enfrontarse tamén a eses momentos de esplendor e desencanto que acaban conformando toda biografía, á crueza do paso do tempo.

Cos anos, Waldo semella repregarse cada vez máis en si mesmo, no jazz que escoita a todas horas e nas súas visitas ao psicanalista. Lana síntese cada vez máis sola á fronte do negocio e comeza a cuestionarse as súas decisións pasadas e a súa relación de parella. Agora, no verán de 2019, cúmprense 25 anos da súa chegada ao pobo e están inmersos nos preparativos dunha gran celebración. Porén, no aire respírase unha certa ambivalencia.